BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
SÁBADO, 9 DE MAIO DE 2026 N.º 104
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

## ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

*Anuncio*

Para os efectos oportunos, publícase que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo adoptou, na súa sesión ordinaria do día 8 de maio de 2026, o acordo de aprobación das bases reguladoras da convocatoria do Premio Otero Pedrayo, 2026, con suxeición ás seguintes cláusulas:

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PREMIO OTERO PEDRAYO 2026**

**1. Convocatoria**

1.1. Convócase o Premio "Otero Pedrayo 2026", dotado con dezaseis mil euros (16.000,00€ ), segundo as disposicións do regulamento correspondente.

1.2. Esta convocatoria corresponde ao ano 2026, de acordo co disposto no regulamento, no que se establece o seu ámbito autonómico e o seu carácter anual; convócaa cada ano unha das deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, por esta mesma orde.

1.3. Atendendo ás razóns expostas, a convocatoria e concesión do premio, na edición de 2026, atribúeselle á Deputación Provincial da Coruña, que consigna na partida 0612/3341/481 do seu Orzamento de gastos o importe do premio e no de ingresos, as sumas que deberán achegar as demais deputacións de Galicia, cotitulares do premio, cunha contía de 2.000,00 € cada unha delas e a Xunta de Galicia, cunha achega de 8.000,00 €.

Os gastos correspondentes á organización do premio imputaranse á partida 0612/3341/22609, e serán obxecto da correspondente aprobación e, se é o caso, dos preceptivos expedientes de contratación.

**2. Obxecto do premio**

O premio "Otero Pedrayo" ten por obxecto:

- Perpetuar e honrar a memoria da persoa egrexia no campo das letras e do coñecemento
- Premiar un labor que constituía unha contribución eminente á cultura galega
- Promover os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora da súa cidadanía e institucións

**3. Persoas candidatas**

3.1. Poderán optar ao premio:

- As persoas naturais nacidas ou residentes en Galicia ou con cumprida raizame nela
- Os grupos de traballo radicados en Galicia ou constituídos para promover a cultura galega
- As personalidades ou institucións que se caractericen pola difusión e polo mantemento da cultura galega

3.2. A opción ao premio determinarase por unha candidatura, que poderá ser feita por:

- Calquera persoa física ou xurídica das sinaladas no apartado 3.1., respecto de si mesmas.
- As entidades académicas e culturais galegas respecto dos seus membros
- Calquera das persoas que ocupen a Presidencia das deputacións provinciais de Galicia, a proposta das respectivas comisións de Cultura
- A Xunta de Galicia, oída a Consellería correspondente
- O mesmo xurado, xa constituído

Anuncio publicado en: Num BOP 104 año 2026 (09/05/2026 08:00:00)

3.3. Non poderán se premiadas aquelas persoas que teñan a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal, de conformidade co disposto no artigo 13.f) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**4. Tramitación**

4.1. A presentación de candidaturas ao premio deberá realizarse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo "solicitude xeral" dispoñible na sede electrónica da Deputación da Coruña (https://sede.dacoruna.gal).

Opcionalmente, poderá presentarse a inscrición de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.2. O prazo para a presentación de candidaturas será de tres meses, a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP da Coruña. Esta publicación realizarase tamén nos boletíns oficiais das provincias da Lugo, Ourense e Pontevedra, no DOG e nos diarios de máis difusión da comunidade autónoma.

4.3. Xunto co formulario de presentación de candidaturas as persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación:

- Recensión biográfica da persoa ou agrupación que aspira ao premio
- Documentos e antecedentes que se consideren de interese para o coñecemento da súa dimensión literaria ou científica
- Cinco exemplares do texto do traballo co que se opta ao premio, no caso de que a proposta se basee nunha obra ou produción singular concreta (un único exemplar se se presenta por sede electrónica)
- No caso de agrupacións e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexan e unha relación das tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio

4.4. A presentación da candidatura determina a aceptación íntegra das condicións desta convocatoria e das contidas no regulamento do premio.

4.5. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo "solicitude xeral", dispoñible na sede electrónica da Deputación da Coruña (https://sede.dacoruna.gal), ou presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.6. No caso de que a solicitude non reúna os datos exixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada que emende as faltas ou presente os documentos preceptivos no prazo de 10 días hábiles e indicaráselle que, de non o facer, considerarase desistida a súa petición, que se arquivará sen máis trámites.

4.7. Unha vez rematado o prazo de solicitude a Secretaría da Deputación da Coruña expedirá unha certificación das propostas presentadas que, xunto con elas e coa documentación correspondente, pasarán ao xurado do premio, para que todos os membros as coñezan con antelación suficiente á reunión de deliberación.

4.8. A cada solicitude ou proposta xuntaránselle cantos documentos se consideren de interese para o mellor coñecemento do/a candidato/a.

**5. Xurado e actuacións**

5.1. Para adxudicar este premio constituirase un xurado integrado por:

- Presidencia, a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou persoa en quen delegue
- Vicepresidencia, a persoa titular da Presidencia da deputación que convoca o premio, que este ano lle corresponde á Deputación da Coruña, ou persoa en quen delegue
- Vogais*:*
  - As persoas titulares das Presidencias das tres deputacións restantes, ou persoas nas que deleguen
  - A persoa titular da Presidencia da Comisión de Cultura da Deputación que convoca, ou persoa en quen delegue
  - A persoa titular da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, ou persoa en quen delegue
  - Unha persoa representante de cada un dos seguintes organismos:
    - a) Universidade de Santiago de Compostela
    - b) Universidade de Vigo
    - c) Universidade da Coruña
    - d) Real Academia Galega
    - e) Instituto "Padre Sarmiento" de Estudos Galegos

Anuncio publicado en: Num BOP 104 año 2026 (09/05/2026 08:00:00)

- f) Fundación "Otero Pedrayo"

- Cinco persoas de recoñecida autoridade científica e literaria, designadas pola Xunta de Galicia e de cada unha das deputacións

Procurarase a paridade de xéneros nos membros do xurado

- *Secretaría,* con voz e sen voto, a persoa titular da Secretaría da Deputación da Coruña, ou persoa en quen delegue

5.2. A composición dos xurados darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: Órganos colexiados das distintas administracións públicas", artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do xurado.

As deliberacións serán secretas e delas serán estendidas as actas correspondentes.

5.3 O xurado constituído emitirá o seu ditame no mes seguinte ao día no que remate o prazo de presentación de candidaturas, e a súa actuación suxeitarase ao disposto nos artigos 4.2 a 4.6 do regulamento do premio.

5.4. Da actuación do xurado e da adxudicación do premio redactarase unha acta detallada que, asinada polos seus membros e coa totalidade das documentacións presentadas

5.5. A copia da acta e dos demais antecedentes que cumpran para o coñecemento da tramitación do premio remitiránselles ás deputacións da Lugo, Ourense e Pontevedra.

5.6. A proposta de concesión que formule o xurado será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación, previo informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e do Servizo de Fiscalización.

A resolución de concesión será dada a coñecer ao Pleno da Deputación provincial da Coruña, e publicarase a través do Boletín Oficial da Provincia.

**6. Pago do premio**

Para o cobro do premio, que estará suxeito ás retencións legais correspondentes, deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

*Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que envíe un documento autorizando expresamente á Deputación provincial da Coruña ás consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social*

- Comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros, que figura no apartado de impresos oficiais da páxina web da Deputación provincial da Coruña.
- Certificación da titularidade de conta, expedida pola entidade bancaria

A concesión e pago do premio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no caso das autocandidaturas.

**7. Entrega do premio**

Realizarase no lugar e na data que determine a Presidencia da Deputación da Coruña, nun acto solemne e coa asistencia das persoas que compoñen a Corporación provincial e do xurado, así como de personalidades das artes, letras e ciencias da comunidade autónoma.

Xunto co premio, a persoa ou entidade galardoada recibirá unha copia da acta da reunión do xurado.

**8. Normas supletorias**

No que non estea previsto expresamente nestas bases, o xurado e a Deputación convocante terán en conta as normas contidas no regulamento do premio e nos xerais do funcionamento da Corporación provincial, así como na lexislación vixente.

**9. Protección de datos**

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios ou no desenvolvemento das actividades complementarias.

As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación

Anuncio publicado en: Num BOP 104 año 2026 (09/05/2026 08:00:00)

- Filmacións destinadas á promoción da actividade
- Publicacións para dar a coñecer a actividade

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPD pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa Política de Privacidade ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Lugo, 8 de maio de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón. O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1198

---

## ÁREA DE FORMACIÓN, ENSINO E ECONOMÍA DO COÑECEMENTO

*Anuncio*

**CONVOCATORIA CURSOS DO PLAN AGRUPADO DE FORMACIÓN CONTINUA DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA O 2026**

A Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, dentro do Plan Agrupado de Formación Continua para o 2026, aprobado por Resolución da Presidencia desta Deputación de data 4 de maio de 2026, estando pendente de ditar, pola Directora da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) a Resolución pola que se aproban as bases reguladoras e convócanse as subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2026, propón, a execución das seguintes accións formativas

- **PROCEDEMENTO CONTRACTUAL NA ADMINISTRACIÓN LOCAL: SUXEITOS, OBXECTO E FASES DO PROCEDEMENTO CONTRACTUAL. MODALIDADE EN LIÑA**
- **A CIBERSEGURIDADE EN CONTORNAS LABORAIS. MODALIDADE EN LIÑA**
- **TRANSFORMACIÓN POSITIVA DOS CONFLITOS NO TRABALLO. MODALIDADE EN LIÑA**
- **LEI 39/2015, DO 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. ESPECIAL REFERENCIA AO PROCEDEMENTO SANCIONADOR. MODALIDADE EN LIÑA**
- **ATENCIÓN Á CIDADANÍA. MODALIDADE EN LIÑA**
- **A INTELIXENCIA ARTIFICIAL APLICADA Á XESTIÓN LOCAL. MODALIDADE EN LIÑA**
- **O PAPEL DAS ENTIDADES LOCAIS NA PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE. MODALIDADE EN LIÑA**
- **INTERVENCIÓN POLICIAL CON MOBILIDADE ELÉCTRICA LIXEIRA URBANA. MODALIDADE PRESENCIAL**

As características e contidos específicos destes cursos detállanse no anexo I e desenvolveranse de acordo coas seguintes:

**BASES XERAIS**

**PRIMEIRA. SOLICITUDES**

1. As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da ***SEDE ELECTRÓNICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO, APARTADO TRÁMITES MÁIS DESTACADOS - SOLICITUDE CURSOS FORMACIÓN.***

   E demáis lugares de conformidade co artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas segundo o modelo publicado como anexo II nas presentes bases

   **PÓDENSE SOLICITAR UN TOTAL DE 2 ACCIÓNS FORMATIVAS E, ENTENDENDO QUE ESTÁN RELACIONADAS COA SÚA ÁREA DE TRABALLO, PODERASE CONCEDER CALQUERA DELAS, SEN SER DETERMINANTE A ORDE DE PREFERENCIA. DEPENDENDO DO NÚMERO DE SOLICITUDES DE CADA ACCIÓN FORMATIVA E DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN, PODEN CONCEDERSE 1, 2 OU NINGÚN CURSO.**

2. A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección dos/as aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado.

Anuncio publicado en: Num BOP 104 año 2026 (09/05/2026 08:00:00)

3. O prazo de presentación das solicitudes finalizará o **18 DE MAIO DE 2026.** Todas aquelas instancias presentadas fora de prazo serán excluídas. Naquelas accións formativas que, unha vez finalizado o prazo, non se cubriran as prazas ofertadas, manterase aberto ata completarse estas, quedando pechado o devandito prazo cinco días hábiles antes do comezo do curso.

**SEGUNDA. ACCESO, SELECCIÓN E PARTICIPACIÓN NAS ACCIÓNS FORMATIVAS**

1. Poderá participar o persoal que cumpra os requisitos específicos esixidos no anexo I.
2. Naquelas accións formativas que se celebren dentro do horario laboral o/a solicitante debe contar coa autorización do/da superior/a xerárquico/a desde o momento en que realiza a inscrición na acción formativa
3. Dacordo con o disposto no artigo 60.1 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, outorgarase preferencia na selección a quen se incorporou no prazo dun ano ao servizo activo, procedentes do permiso de maternidade ou paternidade, ou reingresasen desde a situación de excedencia por razóns de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, con obxecto de actualizar os coñecementos das/os empregadas/os públicas/os.
4. Poderase participar en actividades de formación durante os permisos por parto, adopción ou acollemento, así como durante a situación de excedencia por coidado de familiares, segundo o disposto nos artigos 49 e 89.4 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.
5. En aplicación do Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, as persoas con discapacidade que soliciten participar nunha actividade formativa poderán facer constar tal circunstancia na inscrición, e poderán indicar, as adaptacións necesarias para poder realizala no caso de que fosen seleccionadas.
6. A Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento poñerase en contacto cos/as peticionarios/as, asemade poderán informarse da súa posible admisión chamando aos teléfonos 982 260 065 e 982 260 036.
7. A non comparecencia ou abandono dun/dunha participante admitido/a a unha acción formativa terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido/a ás distintas accións formativas convocadas pola Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento da Deputación de Lugo.

**TERCEIRA. CERTIFICACIÓNS**

Expedirase certificado de asistencia ou certificado de asistencia e aproveitamento ós/ás alumnos/as que asistan ó curso. É obrigatoria a asistencia a todas as sesións dos cursos presenciais. Unha inasistencia superior ao 15% no cómputo total das horas programadas, imposibilitará a expedición da certificación acreditativa. No caso dos cursos en "MODALIDADE EN LIÑA", é obrigatoria a asistencia á sesión presencial, naqueles que así o requiran. Se o/a alumno/a non se presentase á sesión presencial, será excluído/a deste.

a) **Certificación de asistencia, ou**

b) **Certificación de asistencia con aproveitamento:** trala superación das probas pertinentes, as cales, terán carácter voluntario ou visto o informe de avaliación emitido polo/a formador/a.

En calquera dos supostos só se expedirá unha única Certificación.

**CUARTA. MODIFICACIÓNS**

A Deputación de Lugo, poderá modificar o desenvolvemento e mailos contidos dos cursos co obxecto de adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

Lugo, 5 de maio de 2026.- A presidenta, M.ª Carmen López Moreno. O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

**ANEXO I**

**CARACTERÍSTICAS E CONTIDOS ESPECÍFICOS**

**Código A. F.:** 01.01.01.26

**Denominación:** PROCEDEMENTO CONTRACTUAL NA ADMINISTRACIÓN LOCAL: SUXEITOS, OBXECTO E FASES DO PROCEDEMENTO CONTRACTUAL. MODALIDADE EN LIÑA

**Destinatarios:** Persoal administrativo (C1 e C2) e agrupacións profesionais da administración local da provincia de Lugo

**Participantes:** 50

**Horas:** 35

**Datas realización:** Do 1 ao 26 de xuño de 2026

Anuncio publicado en: Num BOP 104 año 2026 (09/05/2026 08:00:00)

**OBXECTIVOS:**

- Coñecer a regulación en materia de contratación administrativa recollidas na Lei 9/2017. Analizar a súa incidencia e aplicación na Administración Local.
- Coñecer de forma teórica e práctica os procedementos de contratación das entidades locais e a utilización de medios electrónicos para a tramitación dos procedentes contractuais

**PROGRAMA:**

- Normativa sobre contratos do sector público.
- Contratos do sector público.
- Configuración xeral: principios, réxime de invalidez e recursos en materia de contratación.
- Ámbito subxectivo e obxectivo da LCSP. Negocios e contratos excluídos. Contratos suxeitos a regulación harmonizada.
- As partes na contratación administrativa. Órganos de contratación, contratista; condicións de aptitude, capacidade, solvencia, clasificación, prohibicións de contratar.
- Preparación dos contratos: Expediente de contratación Contido, tramitación, pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.
- Adxudicación dos contratos: Procedementos e normas. Problemática do fraccionamento.
- Efectos, cumprimento e execución dos contratos, modificación, suspensión e extinción, cesión do contrato.
- Tipos contractuais. Especial estudo dos contratos de obras, servizos e subministracións.
- A plataforma de contratación do sector público.

**Código A. F.:** 01.02.01.26

**Denominación:** A CIBERSEGURIDADE EN CONTORNAS LABORAIS. MODALIDADE EN LIÑA.

**Destinatarios:** Empregados/as públicos/as da administración local da provincia de Lugo que utilicen equipamento informático ou software no desempeño do seu traballo.

**Participantes:** 50

**Horas:** 40

**Datas realización:** Do 1 ao 26 de xuño de 2026

**OBXECTIVOS:**

- Adquirir coñecementos e conceptos básicos da seguridade da información.
- Identificar certos tipos de ataques informáticos e de enganos cibernéticos.
- Aplicar medidas e recomendacións que nos protexan ante este tipo de ataques informáticos.

**PROGRAMA:**

**TEMA 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTO NORMATIVO.**

- Esquema Nacional de Seguridade
- Política de seguridade

**TEMA 2. CONCEPTOS BÁSICOS EN SEGURIDADE**

- Tipos de ameazas
- A internet profunda (Deep web)
- Aplicacións

**TEMA 3 SEGURIDADE NO CORREO ELECTRÓNICO**

- Introdución e definicións
- Métodos e técnicas de engano/infección a través do correo electrónico
- Identificación de correos daninos
- Recomendacións e boas prácticas

Anuncio publicado en: Num BOP 104 año 2026 (09/05/2026 08:00:00)

**TEMA 4. SEGURIDADE NA NAVEGACIÓN WEB**

- Introducción e definicións
- Ataques comúns contra o navegador
- Recomendacións e boas prácticas de seguridade e privacidade

**TEMA 5. SEGURIDADE EN DISPOSITIVOS MÓBILES**

- Configuración e uso de dispositivos móbiles
- Copias de seguridade
- Aplicacións móbiles
- Recomendacións e boas prácticas

**TEMA 6. ESTRATEXIAS DE SEGURIDADE**

- Aplicacións e recomendacións
- Decálogo básico de seguridade.

**Código A. F.:** 01.03.01.26

**Denominación:** TRANSFORMACIÓN POSITIVA DOS CONFLITOS NO TRABALLO. MODALIDADE EN LIÑA

**Destinatarios:** Empregados/as públicos/as da administración local da provincia de Lugo.

**Participantes:** 50

**Horas:** 30

**Datas realización:** Do 8 ao 26 de xuño de 2026

**OBXECTIVOS:**

**Xeral**

Capacitar ao alumnado na transformación positiva dos conflitos no traballo.

**Específicos:**

- Desenvolver unha nova comprensión do conflito.
- Identificar os tipos de conflitos, as súas causas e os seus elementos.
- Coñecer o ciclo do conflito.
- Recoñecer os estilos de afrontamento do conflito.
- Reflexionar sobre a importancia dunha boa comunicación.
- Desenvolver habilidades comunicativas.
- Distinguir os diferentes métodos alternos na resolución de conflitos.
- Determinar os diferentes estilos de negociación

**PROGRAMA:**

**O CONFLITO.**

- Aproximación ao termo conflito.
- Tipos e causas dos conflitos.
- O ciclo do conflito.
- A análise do conflito.
- Estilos de afrontamento do conflito.

**HABILIDADES SOCIAIS NA RESOLUCIÓN DE CONFLITOS.**

- A comunicación.
- Barreiras para a comunicación.

Anuncio publicado en: Num BOP 104 año 2026 (09/05/2026 08:00:00)

- Escoita activa.
- Mensaxes – eu.
- A asertividade.
- A empatía.

**MÉTODOS ALTERNOS NA RESOLUCIÓN DE CONFLITOS. A NEGOCIACIÓN.**

- Métodos alternos na resolución de conflitos.
- A negociación.
- Estilos de negociación.
- A negociación baseada en intereses.

**Código A. F.:** 01.08.01.26

**Denominación:** LEI 39/2015, DO 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. ESPECIAL REFERENCIA AO PROCEDEMENTO SANCIONADOR. MODALIDADE EN LIÑA

**Destinatarios:** Persoal administrativo (C1 e C2) da administración local da provincia de Lugo, que interveña na tramitación de expedientes administrativos.

**Participantes:** 50

**Horas:** 40

**Datas realización:** Do 1 ao 26 de xuño de 2026

**OBXECTIVOS:**

- Dar a coñecer e incidir nos aspectos xerais da norma e a súa posición no ordenamento administrativo.
- Definir e contextualizar os principais elementos, conceptos e suxeitos actores do procedemento que debe observar a administración.
- Determinar os distintos dereitos e obrigas de todos os suxeitos implicados no procedemento.
- Incidir nos aspectos máis novos da administración electrónica: sinatura, expediente, rexistro, arquivos electrónicos
- Insistir no concepto e en todos os elementos que compoñen o acto administrativo, como núcleo fundamental da relación Administración-administrados.
- Analizar as fases do procedemento administrativo, no dobre sentido de garantía do administrado e de garantía da Administración para mellor manifestar a súa vontade.
- Destacar os medios que teñen os administrados para actuar fronte á administración.
- Destacar outros aspectos xurídicos, administrativos e organizativos que se deducen da normativa estudada.
- Tratar de conseguir dos/as alumnos/as que realicen este curso, unha motivación ou inquietude por estes asuntos que durante moito tempo, seguirán sendo transcendentais no funcionamento xurídico-administrativo da nosa sociedade.

**PROGRAMA:**

**UNIDADE 1**

Ámbito obxectivo Lei 39/2015.

Aspectos fundamentais da Lei 39/2015.

**UNIDADE 2**

A Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Principais reformas da Lei en relación coa normativa anterior.

Entrada en vigor e derogacións.

Estrutura da Lei.

**UNIDADE 3**

Capacidade de obrar

Anuncio publicado en: Num BOP 104 año 2026 (09/05/2026 08:00:00)

Concepto de interesado/a

Dereitos do interesado/a

Representación

Identificación e sinatura dos/as interesados/as no procedemento administrativo

**UNIDADE 4**

Rexistros e arquivos

Obriga de resolver e notificar. O silencio administrativo

Documentos e copias

Termos e prazos

Os actos administrativos

**UNIDADE 5**

Iniciación do procedemento

Ordenación do procedemento

Instrución do procedemento

Finalización do procedemento

Tramitación simplificada do procedemento administrativo común

Execución

**UNIDADE 6**

Revisión dos actos administrativos: revisión de oficio.

- Recursos administrativos

**Código A. F.:** 01.09.01.26

**Denominación:** ATENCIÓN Á CIDADANÍA. MODALIDADE EN LIÑA

**Destinatarios:** Persoal da administración local da provincia de Lugo con trato directo coa cidadanía.

**Participantes:** 50

**Horas:** 30

**Datas realización:** Do 1 ao 19 de xuño 2026

**OBXECTIVOS:**

- Dar ferramentas e estratexias ao persoal da administración local que teñen entre as súas función atender á cidadanía para mellorar a comunicación.
- Concienciar e sensibilizar á vez que capacitar ao persoal da administración local para mellorar a relación entre as administracións locais e os administrados, garantindo a accesibilidade á información con independencia da diversidade de cada unha das persoas.

**PROGRAMA:**

1. O dereito a comprender das persoas

2. A comunicación

2.1. Comunicación verbal

2.2. Comunicación non verbal

3. Escoita activa

4. A comunicación asertiva

5. Comunicación e linguaxe

Anuncio publicado en: Num BOP 104 año 2026 (09/05/2026 08:00:00)

**Código A. F.:** 01.14.01.26

**Denominación:** A INTELIXENCIA ARTIFICIAL APLICADA Á XESTIÓN LOCAL. MODALIDADE EN LIÑA

**Destinatarios:** Persoal técnico e administrativo da administración local da provincia de Lugo interesado na materia obxecto do curso

**Participantes:** 50

**Horas:** 30

**Datas realización:** Do 8 ao 26 de xuño 2026

**OBXECTIVOS:**

Ao rematar o curso, o participante será capaz de:

- Identificar os principais tipos de sistemas de IA, distinguir os seus usos lexítimos dos seus límites e recoñecer cando un sistema entra no ámbito de aplicación do Regulamento europeo de IA.
- Deseñar e refinar instrucións en linguaxe natural para obter resultados útiles en tarefas administrativas concretas: redacción de documentos, resumo de expedientes, análise comparativa de normativa e comunicación coa cidadanía.
- Seleccionar a ferramenta de IA máis adecuada para cada tarefa, tendo en conta o nivel de confidencialidade da información e os recursos dixitais dispoñibles na entidade.
- Aplicar os criterios do RXPD e do Regulamento europeo de IA para determinar que datos poden introducirse nunha ferramenta de IA e cales non, e actuar en consecuencia antes de iniciar calquera consulta.
- Detectar erros, alucinacións e sesgos nas respostas xeradas por sistemas de IA e verificar a información nas fontes oficiais antes de incorporala a un acto administrativo.
- Utilizar a IA para automatizar tarefas repetitivas de oficina mediante instrucións en linguaxe natural, sen necesidade de coñecementos previos.

**PROGRAMA:**

**1. QUE É A IA E COMO CHEGOU AO NOSO TRABALLO**

Sitúa ao participante no presente real da intelixencia artificial, desmonta mitos frecuentes, explica como funciona a IA xerativa e identifica os ámbitos concretos nos que xa está presente na xestión das entidades locais.

**2. A ARTE DE DAR INSTRUCIÓNS: PROMPTS PARA A OFICINA PÚBLICA**

Traballa a estrutura e o refinamento de instrucións a través de exemplos directos de redacción administrativa, resumo de expedientes, tradución de linguaxe técnica para a cidadanía e atención a consultas, con práctica guiada e iteración real.

**3. FERRAMENTAS DIXITAIS: CHATGPT, GEMINI, CLAUDE, NOTEBOOKLM E OUTRAS**

Panorámica práctica das principais ferramentas de IA accesibles desde o navegador: asistentes xerativos, buscadores con fontes citadas, xeración de material multimedia (imaxes, vídeo, audio). Establecemento de criterios para elixir a máis adecuada segundo a tarefa e o nivel de confidencialidade da información.

**4. MARCO NORMATIVO, ÉTICA E USO RESPONSABLE DA IA**

Lectura aplicada do Regulamento (UE) 2024/1689 e do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPD) desde o punto de vista do empregado público; detección de alucinacións e sesgos algorítmicos; obrigas en materia de supervisión humana; transparencia institucional; responsabilidades dos empregados públicos

**5. IA INSTALADA EN LOCAL: MODELOS ACCESIBLES PARA A ADMINISTRACIÓN**

Introdución a sistemas de IA que funcionan na infraestrutura propia das entidades ou sen conexión a internet: ( modelos da familia ALIA, Gemma, Qwen e outros) . Casos de uso para información sensible, privacidade reforzada e soberanía tecnolóxica. Posibilidades e límites técnicos reais.

Breve aproximación á estratexia de IA nunha entidade local: o modelo da Deputación de Lugo.

**Código A. F.:** 01.18.01.26

**Denominación:** O PAPEL DAS ENTIDADES LOCAIS NA PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE. MODALIDADE EN LIÑA

**Destinatarios:** Técnicos/as e traballadores/as de Entidades Locais da provincia de Lugo que tramiten e traballen en materia de medioambiente.

**Participantes:** 50

Anuncio publicado en: Num BOP 104 año 2026 (09/05/2026 08:00:00)

**Horas:** 40

**Datas realización:** Do 1 ao 30 de xuño de 2026

**OBXECTIVOS:**

Dar a coñecer ás Entidades Locais o seu papel en diversos procedementos vinculados ao medio ambiente e o seu papel tanto na súa tramitación como en materia de cambio climático e protección medioambiental.

**PROGRAMA:**

1. Licenza administrativa e Rexistro de cans potencialmente perigosos. Prevención e defensa contra incendios forestais e xestión de biomasa nas faixas secundarias.
2. Competencias conferidas ás Entidades Locais dentro da Lei 3/2007.
3. Ciclo integral da auga: saneamento, abastecemento e criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministro.
4. Implantación da recollida da fracción de biorresiduos no servizo municipal de recollida de residuos.
5. Actuacións das entidades locais para mitigación e adaptación ao cambio climático.
6. Potestade sancionadora Entidades Locais en materia de medio ambiente.
7. Ordenación territorial e papel das entidades Locais supramunicipais.

**Código A. F.:** 01.21.01.26

**Denominación:** INTERVENCIÓN POLICIAL CON MOVILIDADE ELÉCTRICA LIXEIRA URBANA. MOD. PRESENCIAL

**Destinatarios:** Policías Locais da administración local da provincia de Lugo.

**Participantes:** 30

**Horas:** 24

**Datas realización:** 9, 10 e 11 de xuño de 2026

**Horario:** Mañá e tarde

**Lugar impartición**: Aulas de Formación Policía Local de Lugo. (Rúa de Artes, 35 – Lugo)

**OBXECTIVOS:**

A partir da recente normativa estatal e da obrigación de aseguramento vixente desde xaneiro de 2026, os axentes coñecerán como intervir ante patinetes, bicicletas eléctricas e outros VMP, abordando a falta de tipificación de infraccións e os prazos transitorios. Unha formación esencial ante o novo escenario de mobilidade urbana.

Levaremos a cabo unha análise detallada da Modificación da Lei de Seguro de Responsabilidade Civil pola Lei 5/2025 e o Real Decreto 52/2026, polo que se modifica o Regulamento Xeral de Vehículos.

Analizar a normativa actualizada sobre VMP e VPL.

- Explicar os criterios que permiten clasificar as distintas categorías.
- Valorar a actuación para levar a cabo segundo a clasificación de mobilidade eléctrica, desde a denuncia administrativa ata a imputación penal.
- Decisión sobre medidas provisionais a tomar polos axentes como consecuencia da gravidade das infraccións.

**PROGRAMA:**

- Análise da Modificación da Lei de Seguro de responsabilidade civil pola Lei 5/2025.
- Estudo de Real Decreto 52/2026, polo que se modifica o Regulamento Xeral de Vehículos.
- Manual de Características dos VMP. Características e requisitos técnicos dos vehículos de mobilidade persoal.
- Conflito de categorización dos vehículos persoais lixeiros. Clasificación de aparellos motorizados como xoguetes, vehículos, VMP e VPL. Definicións.
- Escenario actual e transitorio. Período provisional en vehículos sen certificado de circulación.
- Elementos de control e comprobación nos vehículos. A nova etiqueta identificativa.
- Puntos de verificación en placa de marcaxe e etiqueta.
- Procedemento de inscrición no Rexistro Nacional de Vehículos. Rexistro de Vehículos Persoais Lixeiros.

Anuncio publicado en: Num BOP 104 año 2026 (09/05/2026 08:00:00)

- Certificación de vehículos de mobilidade persoal e outros non homologados.
- Control do seguro, acceso a Plataforma de intercambio. Problema ATEX e FIVA.
- Modificacións do aparello.
- Denuncias aplicables. Comparativa de infraccións a nivel estatal e segundo a Ordenanza de Vigo.
- Medidas provisionais a adoptar, inmobilización e retirada.
- Casuística policial.

Anuncio publicado en: Num BOP 104 año 2026 (09/05/2026 08:00:00)

DEPUTACIÓN DE LUGO

Área de Formación
Ensino e
Economía do Coñecemento

**ANEXO II**

**SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN**

| **1. Denominación curso** | **Código A. F.** |
|---|---|
| | |

**2. Datos personais**

| Nome: | Primeiro Apelido | Segundo Apelido | N.I.F. |
|---|---|---|---|
| | | | |

**3. Datos profesionais**

| Posto traballo: | Grupo/Subgrupo A1 ☐ A2 ☐ B ☐ C1 ☐ C2 ☐ AP ☐ | | Entidade onde traballa |
|---|---|---|---|
| Dependencia | Enderezo do posto de traballo | Localidade | Provincia |
| Minusvalía física SI ☐ Non ☐ | Teléf. Traballo | Correo electrónico | Teléf. móbil |

| Clase de persoal | Funcionario/a | Funcionario/a Interino/a | Persoal Eventual | Laboral Fixo | Laboral Temporal |
|---|---|---|---|---|---|
| | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |

**FUNCIÓNS QUE DESENVOLVE:**

**4. A ter en conta**

Segundo recollen as bases de convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes finalizará na data que aparece nas bases xerais da convocatoria publicadas no BOP. No caso de non cubrirse as prazas, manterase aberto ata completarse. O solicitante deberá cumprimentar todos os campos da solicitude.

**PÓDENSE PEDIR UN TOTAL DE 2 ACCIÓNS FORMATIVAS E, ENTENDENDO QUE ESTÁN RELACIONADAS COA SÚA ÁREA DE TRABALLO, PODERASE CONCEDER CALQUERA DELAS, SEN SER DETERMINANTE A ORDE DE PREFERENCIA. DEPENDENDO DO NÚMERO DE SOLICITUDES DE CADA ACCIÓN FORMATIVA E DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN, PODEN CONCEDERSE UN, DOUS OU NINGÚN CURSO.**

Aquelas accións formativas que se celebren dentro do horario laboral do solicitante, é obrigatoria a autorización do superior xerárquico. A non comparecencia ou abandono dun participante admitido terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido nas distintas accións formativas.

**5. Declaración**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que aporto á solicitude que abaixo asino.

**6. Informe Entidade Local**

Se o curso ten lugar en horario laboral do/a solicitante é obrigatoria a sinatura do superior xerárquico, alcalde ou presisidente e o selo da Entidade

☐ Favorable ☐ Desfavorable

Sinatura e selo
(Alcalde/sa, Presidente/a, Xefe/a de Servizo...)

SOLICITO realiza-la acción formativa ou actividade de referencia.

_______________ a ____ de ____________ de ______

Sinatura

**PRESIDENTA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

**Área de Formación. Ronda da Muralla, 140, 1º andar. 27004 Lugo. Telf: 982 260 065 / 982 260 036. e-mail: formacion@deputacionlugo.org**

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais; informámoslle que os seus datos se incorporan nun ficheiro automatizado baixo a responsabilidade da DEPUTACIÓN, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con vostede. Así mesmo informámoslle que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento mediante correo electrónico protecciondatos@deputacionlugo.org sede electrónica ou escrito acompañado de copia de documento oficial que lle identifique, á Rúa San Marcos, 8 27001 - Lugo. Temos o seu consentimento para utilizar os seus datos persoais para desenvolver as actividades formativas nas que se inscriba, así mesmo queda constancia de aceptación de todo o exposto anteriormente neste documento e que vostede coñece os seus dereitos e obrigas segundo a normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Anuncio publicado en: Num BOP 104 año 2026 (09/05/2026 08:00:00)

R. 1175

## ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE

*Anuncio*

**RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, NO MARCO DO PROGRAMA "DA ESCOLA Á GRANXA", DE FORMACIÓN EN PROXECTOS DE EMPRENDEMENTO RURAL, PARA AS ANPAS DA PROVINCIA DE LUGO, NA ANUALIDADE 2026**

En relación coa convocatoria das subvencións de referencia (publicada no BOP de Lugo nº 60, do 14 de marzo de 2026), a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2026, acordou:

"Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"I- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2026, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

*1º.- A aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, no marco do Programa "Da escola á granxa", de formación en proxectos de emprendemento rural, para as ANPAS da provincia de Lugo, na anualidade 2026, dotado con 250.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2026.*

*2º.- Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude e xustificación.*

*3º.- A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e portal de internet da Deputación de Lugo.*

*4º.- A aprobación do gasto, por importe de 250.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026.*

II. A convocatoria e as bases canalizadoras das subvencións (no sucesivo, Bases) foron publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (14 de marzo de 2026) e no portal de internet da Deputación de Lugo.

Como consecuencia das ditas publicacións, foron recibidas 244 solicitudes por parte de 75 ANPAS de centros de educación infantil e primaria da provincia de Lugo.

III. En cumprimento do establecido na Base 11, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, instruíronse e tramitáronse os respectivos expedientes, revisáronse as solicitudes presentadas e realizáronse todas as actuacións necesarias para a determinación das solicitantes que, a través da documentación achegada, acreditaron o cumprimento dos requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, e na Base 8 das canalizadoras das subvencións, para poder ser as súas beneficiarias.

En concreto, comprobouse se as 244 solicitudes integraban a documentación requirida na Base 8. Das 244 solicitudes:

- 133 integraban toda a documentación prevista na Base 8 e, ademais, era correcta.
- 111 estaban incompletas ou contiñan erros emendables por parte de 40 ANPAS.

Requiridos os 40 solicitantes cuxas 111 solicitudes estaban incompletas ou contiñan erros, e recibidas as respostas aos ditos requirimentos, completáronse os expedientes.

**IV.** Por outra banda, en aplicación do establecido na Base 6, determináronse os importes das subvencións correspondentes a cada unha das solicitudes.

Das actuacións citadas despréndese que as solicitantes que poden obter a condición de beneficiarias das subvencións de referencia son as interesadas dos expedientes e polos importes que se relacionan a continuación (nas actividades organizadas por ADEGA, Mel das Fadas, Bisqato e Tropic Gaia indícase que se tratan de obradoiros no centro escolar; o resto de actividades correspóndense con visitas ás granxas e explotacións):

| Expediente | ANPA Beneficiaria | NIF | Visita / Obradoiro | Importe unitario subvención | Importe total subvención |
|---|---|---|---|---|---|
| 2026/CCP_01/000101 | Asoc de pais de alumnos Terra Cha do CEIP de Román | G27312859 | Daveiga | 1.100,00 | 2.000,00 |
| 2026/CCP_01/000102 | | | Pingas de Gaia | 900,00 | |

Anuncio publicado en: Num BOP 104 año 2026 (09/05/2026 08:00:00)

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 2026/CCP_01/000103 | Asoc de pais de alumnos do colexio de Riotorto | G27307677 | Ana Pérez Boo | 1.100,00 | 3.292,50 |
| 2026/PES_03/005431 | | | O Espírito da Colmea | 1.100,00 | |
| 2026/PES_03/005432 | | | Mel das Fadas | 546,25 | |
| 2026/PES_03/005433 | | | Bisqato | 546,25 | |
| 2026/CCP_01/000108 | ANPA del CEIP de Monterroso | G27374248 | Mel das Fadas | 545,00 | 8.245,00 |
| 2026/CCP_01/000117 | | | Airas Moniz | 1.100,00 | |
| | | | O Muíño de Coea | 1.100,00 | |
| | | | Daveiga | 1.100,00 | |
| | | | Milhulloa | 1.100,00 | |
| | | | Arqueixal | 1.100,00 | |
| | | | Sen Máis - As Vacas da Ulloa | 1.100,00 | |
| | | | Traloagro | 1.100,00 | |
| 2026/CCP_01/000118 | APA colegio a Gándara | G27183961 | Daveiga | 1.100,00 | 3.300,00 |
| 2026/CCP_01/000119 | | | Fogares Lar | 1.100,00 | |
| 2026/CCP_01/000120 | | | Gandería Docampo | 1.100,00 | |
| 2026/CCP_01/000147 | APA del colegio público Isla Verde de Lugo | G27043033 | A Casa da Fonte | 1.100,00 | 3.300,00 |
| 2026/CCP_01/000148 | | | Daveiga | 1.100,00 | |
| 2026/CCP_01/000149 | | | Fogares Lar | 1.100,00 | |
| 2026/CCP_01/000150 | A.P.A. del C.E.I.P. de Triacastela | G27317643 | Arqueixal | 1.045,00 | 1.045,00 |
| 2026/CCP_01/000151 | APA Colexio Público Ramón Falcón | G27210632 | Daveiga | 1.100,00 | 2.200,00 |
| 2026/CCP_01/000152 | | | Pingas de Gaia | 1.100,00 | |
| 2026/CCP_01/000157 | ANPA CEIP Rosalía de Castro | G27126234 | Agroalimentaria Laurentina | 1.100,00 | 4.400,00 |
| 2026/CCP_01/000158 | | | Agroalimentaria Laurentina | 1.100,00 | |
| 2026/CCP_01/000159 | | | Caurelor | 1.100,00 | |
| 2026/CCP_01/000160 | | | SAT O Palomar | 1.100,00 | |
